

#AgoraEnMarea

en **marea**

En marea,
o cambio non
hai quen o pare.

20 Ideas para o cambio que transformará Galicia.

enmarea.gal

PODEMOS.

anova
EMBAIXADE NACIONALISTE



**Marea
Galega**

20 Ideas para o cambio que transformará Galicia.

Este é un texto que sintetiza as liñas programáticas básicas de En Marea. Trátase dun documento dinámico que recolle o acordo de todas as forzas políticas e iniciativas cidadás que fan parte da coalición, e que se abre ao debate público para a súa mellora e enriquecemento.

Entendemos o programa como o noso compromiso e como as liñas orientadoras de acción nas Cortes. Trátase dun documento aberto e un marco de diálogo que permitirá a participación cidadá no proxecto de En Marea ao tempo que unha ferramenta para a rendición de contas do grupo parlamentario.

20 Ideas para o cambio que transformará Galicia.

Estado social, temos dereito

- 1 Primeiro a xente: rescatar a cidadanía.
- 2 Igualdade real: un país de todas e para todas.
- 3 Fiscalidade xusta, solidaria e redistributiva.
- 4 Por un traballo digno. Por unha vida plena.
- 5 Servizos públicos, públicos. Políticas sociais, reais.
- 6 Educación como investimento de futuro.
- 7 Por unha saúde pública, universal e gratuíta.
- 8 Dereito a unha vivenda digna

Defensa dos recursos e do ben común

- 9 Por unha economía produtiva e unha nova política industrial
- 10 Enerxía para vivir. Enerxía sustentable
- 11 A riqueza do pequeno e do noso: colectivo autónomo, cooperativistas, pequena empresa e comercio de proximidade
- 12 Compromiso co entorno e co planeta. Bo trato á natureza e benestar animal.
- 13 Vertebración dos territorios, Galicia, España, Europa

Rescatamos a democracia

- 14 Dereitos humanos. Cidadanía libre. Igualdade sen exclusións.
- 15 Administración aberta, control democrático e eliminación da corrupción.
- 16 Por unha xustiza xusta.
- 17 Democracia cultural, sociedade creativa.

Proceso constituínte. Soberanía cidadá. Galicia decide no Estado e na Política Exterior

- 18 Procesos constituíntes e papel de Galicia como suxeito político.
- 19 Mandar no Estado, Galicia tamén é Estado. Estado plurinacional e pluricultural.
- 20 Política Exterior. Paz, Xustiza, Solidariedade e Cooperación para o desenvolvemento

1. **Primeiro a xente: rescatar a cidadanía.**

Argumentos para o cambio

- Dereito a unha vida digna e plena: contra o empobrecemento da sociedade, a precariedade e a desigualdade.
- Medidas de inclusión social, cunha abordaxe integral, con obxectivos preventivos e transformadores, non só asistencialistas
- Aplicación xa da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Perspectiva de xénero e perspectiva da diversidade social existente (persoas migrantes, persoas LGTBI, persoas con diversidade funcional, persoas presas,...)

O cambio que queremos

- Derrogar o artigo 135 da Constitución.
- Recuperar os Orzamentos para o ben público
- Auditar e reestruturar a débeda pública.
- Rematar coa perda de poder adquisitivo de pensións, prestacións, subsidios e axudas sociais.
- Derrogar a lei estatal de racionalización e sostenibilidade da administración local
- Poñer fin aos recortes e privatizacións que só pretenden transformar dereitos sociais e democráticos en negocio, e garantir a súa xestión pública.

Alternativas: os nosos compromisos

- Garantía constitucional dos dereitos sociais
- Xa: renda mínima garantida, dereito a unha vida digna.
- Acceso garantido a suministros básicos.
- Reestruturación da débeda hipotecaria dos fogares.
- Garantía de sostibilidade do sistema de pensións, prestacións, subsidios e axudas sociais e do seu poder adquisitivo. Indexación das pensións ao IPC.
- Garantir por lei o 1% do orzamento en obra pública para a accesibilidade universal.

2. **Igualdade real: un país de todas e para todas.**

Argumentos para o cambio

- Perspectiva de xénero. Igualdade real de dereitos civís, sociais e laborais.
- Feminización das políticas públicas. Reorganización do sistema de coidados.
- Responsabilidade colectiva e compartida (administración, mercado, cidadanía) nas tarefas do coidado da vida.
- Abordaxe integral da violencia de xénero desde o ámbito educativo, sanitario, social, de seguridade, de xustiza.
- Violencias machistas: cuestión de Estado.

O cambio que queremos

- Derrogar a última modificación da lei de Interrupción Voluntaria do Embarazo
- E queremos mudar a situación actual: en Galicia, máis do 90% das interrupcións dos embarazos realízanse en clínicas privadas, como consecuencia do exercicio desmedido e abusivo, do aínda non regulado exercicio do dereito á obxección de conciencia.
- Ante a situación de violencia machista, frear o desmantelamento de centros e recursos adicados á promoción da igualdade e á prevención e atención as vítimas.

Alternativas: os nosos compromisos

- Orzamentación de políticas específicas e transversais de xénero.
- Medios materiais para a creación de xulgados de violencia contra as mulleres e os consecuentes dispositivos de protección e inserción sociolaboral.
- Políticas públicas de igualdade: servizos públicos de calidade que dean cobertura as tarefas de coidado de vida; importante xacemento de emprego remunerado; compatibilidade entre a vida persoal e a vida laboral
- Interrupción voluntaria do embarazo. Asegurar o acceso de tódalas mulleres, sen exclusións, a través da sanidade pública, sen persecucións, informacións sesgadas nen presións, como acontece na actualidade.
- Lei integral contra a trata de persoas e contra a explotación sexual como formas extremas de violencia de machista
- Igualación dos permisos de paternidade e maternidade.

3.

Fiscalidade xusta, solidaria e redistributiva.

Argumentos para o cambio

- Progresividade fiscal efectiva
- Impostos adaptados a capacidade económica: exencións e elevación de tipos.
- Promover o bloqueo efectivo dos paraísos fiscais.

O cambio que queremos

- Rematar co uso partidario da Axencia Tributaria.
- Loita contra a fraude, a evasión e a elusión fiscal loitar contra os paraísos fiscais.

Alternativas: os nosos compromisos

- Desenvolvemento da lei xeral tributaria. AEAT: profesionalidade, autonomía e recursos, con capacidade para loitar contra a fraude e a evasión fiscal.
- Erradicar os mecanismos de elusión fiscal. Supresión das SICAV.
- Taxa sobre as transaccións financeiras internacionais.
- Fiscalidade verde.
- Nova política comercial asentada na cooperación.

4.

Por un traballo digno. Por unha vida plena.

Argumentos para o cambio

- Garantir o dereito ao traballo
- Creación de emprego de calidade e con dereitos
- Contra a precarización e a inestabilidade laboral
- Que volva a nosa xente, traballar no país.
- Recoñecemento do persoal das administracións públicas e da súa función social.

O cambio que queremos

- Derrogación da reforma laboral
- Recuperación dos dereitos laborais perdidos
- Un novo estatuto do traballador e traballadora
- Reamatar coa devaluación salarial e erradicar a figura do traballador ou traballadora pobre
- Xornada de 35 horas semanais
- Suprimir a existencia da taxa de reposición para recuperar os postos de traballo que se requiren para garantir os servizos públicos.
- Descentralización de competencias para a creación dun Marco Galego de Relacións Laborais.
- Eliminación da taxa de reposición do 10% do emprego público.

Alternativas: os nosos compromisos

- Salario mínimo digno (SMI, 60% do salario medio).
- Xubilación aos 65 anos e voluntaria aos 60 anos.
- Lei de Igualdade salarial entre mulleres e homes.
- Políticas laborais sen perda de dereitos para favorecer a conciliación laboral coa persoal.
- Establecemento de topes salariais máximos.
- Ratificación do convenio 189 da OIT sobre traballo no fogar.
- Introducción da cláusula social na contratación pública e garantía de traballos tutelados para persoas con diversidade funcional.
- Mellorar o sistema de prevención de riscos laborais.
- Recuperación da capacidade adquisitiva dos traballadores públicos.

5. **Políticas sociais reais.**

Argumentos para o cambio

- Garantir o carácter público dos servizos básicos, o seu investimento e a súa calidade, e revertendo a súa privatización.

O cambio que queremos

- Uns servizos públicos de calidade, pois son o cerne fundamental dunha política asentada na res publica, no ben común, e que contribúe, de forma esencial, á igualdade de oportunidades para todas as persoas.

Alternativas: os nosos compromisos

- Lei de Políticas Sociais: Política social transformadora, recoñecemento do dereito subxectivo e universal das prestacións, xestión pública directa prioritaria, servizos e prestacións axeitados e suficientes, priorización en programas preventivos.
- Fortalecemento dos servizos sociais de atención primaria, recuperación da municipalización da prestación de servizos.
- Dotación de orzamento da Lei de Dependencia.
- Servizos sociais garantidos por lei. Cobertura das prestacións básicas dos servizos sociais municipais, e adecuación dos recursos á demanda existente.

6. **Educación como investimento de futuro. Universidade.**

Argumentos para o cambio

- Educación pública, universal, gratuíta. Unha educación baseada nos principios de laicidade, equidade, solidaridade, coeducación, personalización, participación, ecoloxía, interculturalidade, inclusión, democrática e aberta as familias. Unha escola para todos e con todos
- Garantir o acceso universal aos estudos superiores
- Aposta estratéxica polo I+D+i ata chegar á media europea

O cambio que queremos

- Derrogar a LOMCE.
- Suprimir os copagos nos servizos educativos complementarios
- Paseniña supresión da política extensiva dos concertos educativos
- Suprimir a Relixión dentro do horario escolar
- Rematar co incumprimento por parte do Estado da Carta Europea das linguas minoritarias e rexionais.
- Rematar co modelo de financiamento universitario en base a resultados e a empresarización e mercantilización da universidade
- Desexamos que a investigación sexa un factor de democratización da sociedade e desde o público.

Alternativas: os nosos compromisos

- Educación infantil de 0 a 6 anos universal e gratuíta.
- Libros de texto, material escolar, transporte e comedor gratuítos
- Redución da ratio de alumnado por aula.
- Fomento da innovación educativa: aproximación aos modelos avanzados como Finlandia. Fomento da difusión de prácticas innovadoras, involucrar a nais e pais, reciclaxe e formación do profesorado, etc.
- Plan Integral de Atención á Diversidade (Diversidade de intereses, capacidades, motivacións; diversidade sexual, social e cultural)
- Garantir unha educación en galego en tódolos niveis de ensino.
- Garantir a suficiencia financeira das universidades
- Integración das Ensinanzas Artísticas Superiores na Universidade
- Democratización da planificación, priorización e xestión nos programas de I+D que procurarán a rendibilidade social.

7.

Por unha saúde pública, universal, gratuíta e de calidade.

Argumentos para o cambio

- Acceso e cobertura universal e gratuíta á sanidade pública.
- Promover a saúde pública dun xeito sistémico, holístico e transversal ao conxunto das políticas públicas
- Recoñecemento social das asociacións de persoas usuarias e das súas familias.

O cambio que queremos

- Derrogar a lei do PP/PSOE, lei 15/97, de novas formas de xestión sanitaria e a RD 16/2012 que elimina a universalidade e introduce os repagos en materia farmacéutica.
- Eliminación de mecanismos legais perversos para derivar á sanidade privada, concertar e externalizar.

Alternativas: os nosos compromisos

- Seguridade social: réxime único
- Afortalar a Atención Primaria como eixo vertebrador dun sistema máis achegado as persoas e eficaz.
- Atención digna á cronicidade e aposta polos servizos sociosanitarios.
- Ampliación da carteira de medicamentos.
- Ampliación da carteira de medicamentos.
- Lei Celíaca
- Amparo dos dereitos sexuais e reproductivos das mulleres.
- Regular a decisión sobre a propia vida.
- Investigación pública en todos os eidos da cadea sanitaria e farmacéutica garantindo os investimentos.
- Recuperación dos servizos sanitarios privatizados.
- Habilitación das especialidades de enfermería.
- Regulación efectiva da prescripción de medicamentos pola enfermería.

8. **Dereito a unha vivenda digna.**

Argumentos para o cambio

- Medidas urxentes para garantir aloxamento e manutención de toda a veciñanza, sen exclusións.

O cambio que queremos

- Fin dos desaloxos da vivenda.
- Creación dun rexistro público de recalificacións de solo.

Alternativas: os nosos compromisos

- Modificacións precisas para a aplicación do IBI ás vivendas baleiras de forma inxustificada.
- Conformación do parque público de vivendas a réxime de alugueiro social.

9. **Por unha economía inclusiva, produtiva e unha nova política industrial.**

Argumentos para o cambio

- Mobilización do potencial propio de desenvolvemento.
- Rural vivo, soberanía alimentaria. Valor social e ambiental do agro.
- Pesca: reparto xusto da cota pesqueira.
- Valorización ambiental, produtiva e social do monte.
- Por un tecido industrial anovador, estratéxico e diversificado.
- Fomento do autoconsumo eléctrico descentralizado
- Substitución das políticas de megaconstrucións por políticas de desenvolvemento local
- Algúns sectores da economía española operan en réximen de oligopolio, ofrecendo prestacións inferiores á media europea e prezos superiores. Ademais, a presenza de monopolios dificulta a emerxencia de novas empresas innovadoras nestes sectores.

O cambio que queremos

- Reverter o proceso de desindustrialización.
- Políticas activas para desenvolver un modelo baseado no sustentable, no próximo, e nunha nova dimensión da economía social.
- Defensa da capacidade de produción de alimentos, fomento da agricultura de pequena escala e de proximidade, productora de alimentos sans e xeradora de emprego
- Política pesqueira que compatibilice a sostenibilidade ecolóxica coa sostenibilidade económica e social, priorizando a pesca artesanal.
- Superar o concepto de piscicultura do actual modelo acuícola
- Políticas de infraestruturas e dinamización económica adaptadas aos territorios e inclusivas para vilas, zonas rurais e pequenas e medianas empresas.
- Aumento da competencia nos mercados favorecendo mellores servizos e prestacións aos consumidores e menores prezos en sectores como a enerxía (gas e electricidade), a distribución de carburantes ou a telefonía e incentivando a innovación.

Alternativas: os nosos compromisos

- Creación dunha Banca Pública ética ao servizo das persoas.
- Fomento de canles de comercialización curta, de proximidade.

9. **Por unha economía inclusiva, produtiva e unha nova política industrial.**

- Política planificada para o sector naval público galego e garantir carga de traballo nos asteleiros galegos.
- Poñer en marcha políticas para garantir a soberanía alimentar.
- Criterio de compra local nos centros públicos (comedores escolares, residencias, hospitais,...). Fomento dos produtos locais da agricultura, a pesca, transformados alimentarios, etc
- Recuperación de políticas e plans de desenvolvemento local.
- Incentivación da entrada de novos operadores nestes mercados, en particular, de empresas que incrementen a diversidade tecnolóxica, a eficiencia e o uso racional dos recursos.

10.

Energía para vivir. Energía sustentable.

Argumentos para o cambio

- Contra a pobreza enerxética.
- Aposta polas enerxías renovables, a redución do consumo e a eficiencia enerxética.
- Acabar cos abusos das empresas enerxéticas e as políticas feitas polos oligopolios.

O cambio que queremos

- Prohibición do fracking
- Derrogar a prohibición de autoconsumo eléctrico.
- Que a enerxía non supoña un problema para as persoas no seu acceso nin para o medioambiente.

Alternativas: os nosos compromisos

- Control dos oligopolios eléctricos.
- Garantía de subministro mínimo.
- Enerxías renovables nas Administracións e fomento da autoprodución eléctrica en administracións, empresas e explotacións.
- Crear un plan estratéxico enerxético galego.
- Garantir á continuidade do carácter público e neutro da Rede Eléctrica Española.

11.

A riqueza do pequeno e do noso: colectivo autónomo, cooperativistas, pequena empresa e comercio de proximidade.

Argumentos para o cambio

- Apoio aos Autónomos, a pequena empresa e comercio.
- Acceso ao investimento público.
- Promoción da Economía social e colaborativa
- Comercio de proximidade. Comercio Xusto. Consumo responsable

O cambio que queremos

- Rematar cos privilexios das grandes superficies.
- Sancións efectivas contra a morosidade.
- Modificar a lei de contratacións públicas

Alternativas: os nosos compromisos

- Banca pública de apoio a iniciativa e acompañamento da pequena empresa e autónomos.
- Apoio efectivo ao emprendemento
- Cotas xustas para o colectivo autónomo.
- Impulso ao comercio xusto e ao consumo responsable, axudando a crear e desenvolver redes locais, facilitando a relación cos establecementos comerciais, reservando espazos en mercados e dando información á poboación.

12.

Compromiso co entorno e co planeta. Bo trato á natureza e benestar animal.

Argumentos para o cambio

- Auga ben público e dereito humano
- Economía circular, residuos cero.
- Frear a perda de biodiversidade.
- Loita contra o cambio climático promovendo a redución do consumo e a substitución progresiva dos combustibles fósiles.
- Accesibilidade e desfrute da natureza para todxs.
- Debemos frear a destrucción das nosas costas e dos ecosistemas valiosos.

O cambio que queremos

- Retirar o canon da auga.
- Xestión de residuos, tendende a substituir a incineración pola recuperación de materiais, debido ao efecto contaminante e a emisión de gases de efecto invernadeiro.

Alternativas: os nosos compromisos

- Recuperar as rías e garantir o saneamento das augas residuais urbanas.
- Xestión e titularidade pública da auga.
- Benestar animal. Impulso dunha Lei Marco de Protección Animal que inclúa a derogación da normativa que cualifica as touradas como Patrimonio Cultural.
- Iniciativas para a prevención e sensibilización sobre o maltrato e o abandono animal, con especial énfase no ámbito educativo.
- Ampliación da rede galega de espazos protexidos e dotación orzamentaria para a súa conservación.
- Paralización dá A57.
- Derogación da actual Lei de Costas e saída de ENCE da Ría de Pontevedra.

13.

Vertebración do territorio, nacional estatal e europeo.

Argumentos para o cambio

- Infraestruturas ao servizo do desenvolvemento humano, a cohesión social e territorial.
- Mobilidade sustentable.

O cambio que queremos

- Rematar coa construción de infraestruturas alleas ao beneficio social e o impacto ambiental.

Alternativas: os nosos compromisos

- Avaliación do retorno e do impacto social e ambiental
- Infraestruturas verdes, promoción do ferrocarril (en particular para o transporte de mercancías). Liña Vigo-Porto e FEVE
- Transporte público.
- Intermodalidade, Galicia conexión Europea atlántica.
- Mellora do acceso á banda ancha en todo o territorio galego.

14.

Dereitos humanos. Cidadanía libre. Igualdade sen exclusións.

Argumentos para o cambio

- Garantía efectiva dos dereitos humanos.
- Igualdade real para todos e todas.

O cambio que queremos

- Derrogación da Lei Mordaza (L.O. 4/2015).
- Anulación do concordato coa Santa Sede e supresión de financiación pública de calquera confesión relixiosa, incluído as exencións fiscais.
- Eliminación das probas para a consecución da nacionalidade

Alternativas: os nosos compromisos

- Regular por lei a loita contra a discriminación por identidade de xénero ou orientación sexual.
- Recoñecemento dos mesmos dereitos para todas as realidades familiares.
- Derrogación da lei de estranxeiría. Establecemento de procesos de regularización ordinaria. Cese persecución e criminalización persoas migrantes. Peche dos Centros de Internamento de
- Estranxeiros e erradicación voos de deportación.
- Dereito ao voto da poboación estranxeira residente.
- Lei de acollida e convivencia intercultural
- Despenalización do cannabis

15. **Administración aberta, control democrático e loita contra a corrupción.**

Argumentos para o cambio

- Administración aberta e democrática.
- Profesionalización da administración.
- Transparencia e control democrático.
- Toda a sociedade contra a corrupción, o caciquismo e as redes clientelares.

O cambio que queremos

- Eliminar os privilexios da representación pública
- Erradicar as portas xiratorias: incompatibilidades.
- Redución dos altos cargos.
- Dereito a decidir: a cidadanía debe ser escoitada mediante referendos, consultas e procesos participativos.

Alternativas: os nosos compromisos

- Rendición de contas e avaliación cidadá das políticas públicas.
- Código ético do cargo público.
- Plan contra a corrupción e endurecemento código penal por motivos de corrupción. Imprescriptibilidade do delito económico relacionado coa corrupción.
- Dotación de medios e capacidade de actuación ao Tribunal de Contas.
- Lei de transparencia e información pública. Todo o que non sexa secreto de estado debe ser accesible para os cidadáns.
- Incorporación de procesos de participación, deliberación e decisión nos asuntos públicos.

16.

Por unha xustiza xusta.

Argumentos para o cambio

- Gratuidade real e eficacia da Administración de Xustiza.
- Separación de poderes real
- Despolitización e control democrático.

O cambio que queremos

- Rematar coa imposición de taxas que discriminan e impiden o acceso á xustiza en condicións de igualdade.
- Modificar o Código penal para recuperar o dereito de reunión pacífica e liberdade de expresión.

Alternativas: os nosos compromisos

- Novo sistema de nomeamento do Tribunal constitucional.
- Autonomía orgánica e funcional da fiscalía.
- Eliminación dos privilexios procesais.
- Multas e sancións proporcionais á renda das persoas.
- Nova lei de xustiza, verdade e reparación en materia de memoria histórica.
- Anulación da lei de amnistía de 1977, cumprindo as recomendacións da ONU
- Elección directa do Consello xeral do poder xudicial

17. **Democracia cultural, sociedade creativa.**

Argumentos para o cambio

- Democracia cultura, situar á cidadanía no centro das políticas culturais
- Creatividade e cultura aposta estratéxica da nova economía
- Cumprir co dereito de acceso á cultura
- Cultura dixital como medio de coñecemento, información, formación e educación.
- Alentar a diversidade cultural e potenciación das culturas e linguas minorizadas
- Software libre e open data.

O cambio que queremos

- Liberar a bibliotecas e entidades culturais da obriga de canon por préstamo
- Políticas para que garanta o acceso universal ós Museos
- Estratexia que desenvolva as potencialidades do noso patrimonio histórico, cultural e natural desde un enfoque ecolóxico, desestacionalizado e diversificado.
- Medios de comunicación públicos independentes e de calidade (RTVE e autonómicas). Control e redución a publicidade institucional nos medios de comunicación de modo que non reforce aos monopolios xornalísticos.
- Eliminación de subvencións aos medios de comunicación que poidan convertese nunha barreira de entrada para a aparición de novos medios independentes.

Alternativas: os nosos compromisos

- IVA cultural reducido..
- Eximir do canon a bibliotecas e entidades culturais.
- Estatuto do profesional da cultura.
- Lei da propiedade intelectual.
- Internacionalización da(s) cultura(s).
- Asunción efectiva do carácter plurinacional e plurilingüístico do Estado. De xeito consecuente o Estado integrará esta concepción básica na súa política cultural, de comunicación e acción exterior.
- Concesión de novas autorizacións de canais garantindo a pluralidade e a competencia.

18. **O poder da xente.**

Argumentos para o cambio

- As decisións deben ser adoptadas polos representantes do pobo, nin os grandes intereses financeiros, nin os grandes poderes deben estar por riba da democracia.

O cambio que queremos

- Eliminar as trabas da Iniciativa lexislativa Popular.
- Posibilidade de revogación dos cargos públicos.
- Derrogación do voto rogado no estranxeiro

Alternativas: os nosos compromisos

- Regular os procesos de participación cidadá e consulta.
- Consulta cidadá na participación das Forzas armadas en intervencións internacionais.
- Promover un marco xurídico internacional para reestruturar a débeda soberana.

19. **Procesos constituintes e papel de Galicia como suxeito político.**

Argumentos para o cambio

- A constitución carece dun marco definitivo de organización territorial, de mecanismos decisivos de participación da cidadanía.
- Entendemos o carácter nacional de Galicia e da cidadanía, do pobo galego como un suxeito que ten, en réxime de autodeterminación, dereito a decidir. Democracia é dereito a decidilo todo.

O cambio que queremos

- Rexenerar as institucións democráticas e decidir colectivamente sobre o noso futuro.
- Recoñecemento das diferentes nacións do Estado e Procesos Constituintes.
- Eliminación das deputacións, distribuíndo as competencias entre municipios e comunidades autónomas.
- Substitución do senado actual por unha cámara de representación territorial efectiva.
- Creación dun marco facilitador dos procesos de cooperación intermunicipais ou en áreas metropolitanas.

Alternativas: os nosos compromisos

- Definición de mecanismos de codecisión no Estado que permitan armonizar as decisións de parlamentos e gobernos que nos afectan.
- Garantir que o modelo de financiamento respecte a equidade, xustiza e solidariedade inter-territorial, que recolla toda a complexidade nos custos dos servizos para garantir a igualdade: no caso galego inclusión dos factores de dispersión e envellecemento
- Incorporar a pluralidade cultural e lingüística nas institucións do Estado.
- Todas as televisións autonómicas deberían poderse ver en todos os territorios do estado (Favorecer o plurilinguismo)
- Esixiremos unha nova lei sobre financiamento autonómica e local, para proceder á supresión das deputacións provinciais e reforzar a prestación de servizos públicos básicos.

20. **Política Exterior: Paz, Xustiza Internacional, Solidariedade e Cooperación para o desenvolvemento.**

Argumentos para o cambio

- Paz non é só a ausencia de guerra senón tamén loitar sobre aquelas políticas que a posibilitan, como son as desigualdades, a miseria, a explotación e a violencia.
- Promovemos a xustiza internacional e a seguridade
- Precisamos unha política pública de cooperación que sexa mostra de solidariedade da cidadanía, onde os pobos, as organizacións e as persoas podémonos enriquecer e empoderar.
- Deseño da política de acción exterior de Galicia.
- Opoñémonos a toda forma de instrumentalización interesada da cooperación ó desenvolvemento e á súa militarización.
- Opoñémonos a que as empresas sexan consideradas como axentes de cooperación.

O cambio que queremos

- Galicia debe fomentar o entendemento, a diplomacia, a solidariedade, a cooperación e a paz.
- Debemos garantir que Galicia sexa un territorio onde non exista nin militarización nin bases de experimentación militar de alianzas internacionais.

Alternativas: os nosos compromisos

- Reestruturar as institucións de promoción de España no exterior para integrar a pluralidade lingüística e cultural.
- Cobertura do Estado á acción exterior galega: Rexión europea. Galicia, como nexo Hispano e Luso. Comunidade exterior. Acción estratéxica.
- Oposición ao TTIP e TLC`s.
- Promover o bloqueio efectivo dos paraísos fiscais.
- A nivel do Estado, En Marea defenderá, como marco xeral dar peso, fronte a alianzas belicistas, a dispositivos de diplomacia e fomento de liberdades de ámbito europeo e internacional.
- No ámbito da política internacional a opinión da cidadanía galega debe estar tamén no centro. As operacións militares internacionais deberán ser consultadas á cidadanía. Tamén a posición

20.

Política Exterior: Paz, Xustiza Internacional, Solidariedade e Cooperación para o desenvolvemento.

xeo-estratéxica na OTAN ou en calquera alianza internacional á marxe da ONU.

- Esixencia do cumprimento das resolucións de Nacións Unidas sobre o Sáhara Occidental e Palestina. Apoio ao recoñecemento do Estado Palestino e ao proceso de autodeterminación no Sáhara Occidental.
- 0,7% da Renda Nacional Bruta a Axuda oficial ao desenvolvemento.
- Adopción de medidas contras as empresas que colaboren na vulneración de dereitos humanos, incluída a deportación de migrantes.